

REGULAMENTO da proba popular sprint IX Mar de Muros Tríatlon “Trofeo Iván Raña”

Artigo 1. Organizan

1. Concello de Muros con enderezo no Curro da Praza, 1, 15250 Muros, A Coruña e número de teléfono 981 762 294.
2. Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI) con enderezo na rúa Castela, 21, 27001 Lugo e número de teléfono 982 251 345.

Artigo 2. Colaboran

- Policía Local de Muros
- Protección Civil de Muros
- Garda Civil de Muros
- GES Muros
- Secretaría Xeral para o Deporte

Artigo 3. Localización da proba

- a) Saída: porto de Muros
- b) Zona de transición: porto de Muros
- c) Centro de información e control da proba: casa do Concello de Muros
- d) Zona de aparcamento recomendada: parque empresarial de Muros

Artigo 4. Data

Sábado, 6 de xuño de 2026

Artigo 5. Horarios

5.1. Horarios: proba sprint popular

Horario	Acto
15.30 a 16.30	Recollida de dorsais
16.00 a 16.45	Control de material
16.50	Cámara de chamadas
17.00	Saída
17.03	Saída feminina
18.45	Hora estimada de remate da proba
18.45 (aproximado)	Entrega de premios

Artigo 6. Distancias

Distancia	Natación	Ciclismo	Carreira a pé
Sprint	750 m	20 km (4 voltas)	5 km (4 voltas)

Artigo 7. Participantes e categorías

7.1. Proba sprint popular

– Número máximo de prazas: 150

– Licenzas: todas as persoas deportistas nadas no ano 2010 ou en anos anteriores, con licenza de triatlón da temporada en vigor ou que tramiten a licenza temporal de 1 día da FEGATRI

Artigo 8. Servizos e instalacións

- Local para organización e cronometraxe: porto de Muros
- Recollida de dorsais e garda roupa: casa do Concello de Muros
- Vestiarios e duchas: piscina municipal de Muros

Artigo 9. Inscricións

Abriranse as inscricións o 6 de maio de 2026 ás 10.00 a través da plataforma da Federación Galega de Triatlón.

9.1. Proba sprint: popular

- Limitada a 150 participantes
- Reservas: 75 prazas para cada xénero
- A reserva de prazas por xénero estará activa ata ás 10.00 do 8 de maio de 2026. A partir desta data, poderán ser ocupadas polo outro xénero ata completar o límite de prazas.
- Prezo: 18,00 €
- A organización resérvase 10 prazas a maiores das 150 ofertadas.

9.2. Prazos de inscrición

- Do 6 ao 8 de maio: inscrición reservada a 75 prazas por xénero.
- Do 8 de maio ás 14:00 ao 2 de xuño ás 23:59: inscrición libre de deportistas ata completar as prazas
- Ata o 3 de xuño ás 14:00 h. Poderán inscribirse deportistas que quedaran en lista de agarda ata o completar as prazas..

9.3. Procedemento de inscrición

a) Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en competicións/inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e contrasinal.

b) Deportistas con licenza de triatlón

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O pagamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

c) Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados):

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día. O abonamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

Será imprescindible, para que a inscrición de tramitación de calquera seguro de 1 día sexa válida, enviar:

– A copia do DNI en vigor e o documento de autorización de datos que poden descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx> á Federación Galega de Tríatlón (fegatri@hotmail.com) a través da plataforma de inscricións.

9.5. Baixas e devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas, que non se axusten ao regulamento ou falta de documentación, rematado o prazo de inscrición serán anuladas e non se farán devolucións.

9.6. Publicación da lista de persoas inscritas

a) Lista provisional

O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dea algún erro debido ao manexo dos datos pola Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar esta lista para ter opción a reclamar se houberse algún erro.

b) Lista definitiva

O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

c) Lista de agarda

Esgotadas as prazas en calquera das saídas, abrirase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate dos prazos de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 do mesmo día. A última incorporación farase o 3 de xuño ás 14:00 h.

Artigo 10. Premios

Entregaranse medallas/trofeo ás 3 primeiras persoas clasificadas (masculina e feminina).

A entrega de trofeos realizarase aproximadamente 30 minutos despois de facer a entrada en meta o/a derradeiro/a clasificado/a. Segundo o "Artigo 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI. Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25,00 € e 50,00 € respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu pagamento".

Como exención regulamentaria, calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar ao delegado técnico ou xuíz árbitro para non ter penalización.

Artigo 11. Contacto

- Mar de Muros Triatlón "Trofeo Iván Raña"
- Enderezo electrónico: damian.torea@muros.gal
- Inscripcións: <https://fegatri.org/probas-regulamento/>
- Persoas de contacto: Damián Torea García
- Teléfonos de contacto: 981 762 294

Artigo 12. Planos do circuito

a) Natación



b) Ciclismo



c) Carreira a pé



Artigo 13. Regulamento e normativas

A proba rexerase polas normativas vixentes do regulamento oficial de competición da Federación Española de Triatlón (FETRI) e Federación Galega de Triatlón (Fegatri)

a) [Regulamentos 2026 FETRI/FEGATRI](#)

Artigo 14. Normativa xeral

14.1. Procedemento de saídas

Dez minutos antes do comezo da saída, as persoas deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas.

14.2. Acreditación control de material

Para acreditarse, os/as deportistas deberán presentar, o DNI ou documento oficial con foto e acudir á entrada do control de material con todos os dorsais colocados e o equipamento regulamentario. Os/as oficiais farán a revisión visual do mesmo

14.3. Chegada á meta

Unha vez que as persoas participantes pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos-meta, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados (se non son en

propiedade) e pasarán a avituallarse e saír da zona de pos-meta para recoller a súa bicicleta e pertenzas.

14.4. Recollida de dorsais e chips de cronometraxe

No local da organización, o día da proba, dende as 15.30 h ata media hora antes de cada saída.

14.5. Gardarroupa

Será xestionado pola organización na Casa do Concello.

14.5. Avituallamento

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de pos-meta.

14.6. Reunión técnica

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, toda aquela información técnica que non veña xa recollida neste regulamento ou que poida sufrir modificacións.

14.7. Plan de seguridade

a) Datos do seguro de accidentes

A proba conta cun seguro de responsabilidade Civil Nº DA R11 237 que o organizador, Concello de Muros ten contratada coa compañía Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros, e as de accidentes (ASISA Nº [76325](#) e (SURNE Nº [20250520362927](#)) que cubren a través do Seguro Deportivo Obrigatorio aos e ás deportistas, adestradores e oficiais participantes na proba, a través da licenza subscrita na Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno. As pólizas de accidentes e protocolos de actuación poden consultarse na seguinte ligazón <https://fegatri.org/federacion/seguro-deportivo/>

b) Ambulancia

– A ambulancia asistencial

c) Médico

d) Vehículos. Control da carreira.

– Policía Local

– Garda Civil

– GES (Grupo de Emerxencias Municipais)

– Protección Civil de Muros

– Motocicletas, para abrir e pechar circuío, acompañamento e control de carreira no sector ciclista por parte dos oficiais.

– Bicicleta para abrir/pechar o sector de carreira a pé e control de oficiais.

e) Persoal

– Persoal baixo orde da organización para entrega de dorsais, cubrir puntos de retorno, contavoltas e axuda en xeral

– Protección Civil de Muros